

A nova Oficina Económica de Galicia xa é un referente para outras comunidades



A Xunta intensifica o seu proceso de desburocratización para a ampliación de proxectos galegos e a atracción de capital

A Oficina Económica de Galicia, comandada desde Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), xa está asesorando a empresas. O órgano activouse no pasado mes de abril co obxectivo de impulsar o proceso de desburocratización e axilidade que iniciou Galicia cun novo modelo de relación co tecido empresarial.

A Oficina funciona como unha canle única entre empresas e administración e coma un punto de contacto, facilitando información, asesoramento ou acceso á financiación. Tamén atenden múltiples demandas de información de empresas e emprendedores, onde destacan as solicitudes de solo industrial.

Nos primeiros meses de funcionamento a Oficina Económica de Galicia xa atendeu máis de 5.500 consultas de empresas. Os técnicos, encabezados pola directora Natalia Barros, xa están mantendo reunións con compañías que necesitan asesoramento sobre a súa posible implantación no territorio galego ou para impulsar desde a comunidade iniciativas consolidadas ou novos proxectos. Todo isto, asociado a unha serie de indicadores que permiten á Oficina realizar un seguimento e, de ser preciso, detectar os puntos de mellora nas políticas empresariais.

“Facilidade total para as empresas”. Este é o espírito da nova Oficina Económica e iso é o que reclaman agora outros territorios de España, que expresaron publicamente o seu interese por desenvolver nas súas estruturas administrativas órganos semellantes, atendendo as demandas do empresariado e das organizacións económicas representativas do territorio.

O obxectivo é reducir os prazos para que as tramitacións dos proxectos empresariais sexan máis rápidas e, en definitiva, máis fáciles. A propia Oficina quere ser un exemplo desta axilidade e, segundo a súa directora, calquera solicitude de información é atendida en menos de 24 horas.

Desburocratización e axilización

A atracción de capital a Galicia é outra das tarefas deste órgano, que traballa en coordinación cos diferentes departamentos autonómicos e con todas as institucións e administracións que poidan ofrecer unha solución a empresas e emprendedores. É dicir, a Oficina ofrece información, non só de Galicia, senón de todo o catálogo de axudas ou necesidades que poden atoparse noutros organismos, sexan locais, estatais ou comunitarios.

Entre as liñas de axuda que ofrece a Oficina Económica de Galicia, atópase o desenvolvemento de calquera iniciativa emprendedora ou de proxectos de innovación, aínda que tamén destaca o asesoramento sobre proxectos que impulsen a transición enerxética. O impulso da transformación dixital, a eficiencia enerxética ou a economía circular son outros temas sobre os que asesora o novo órgano da Xunta.

Todo isto fai da Oficina Económica de Galicia un novo recurso de apoio á economía galega e ás empresas, tanto as que xa están operando desde o territorio galego coma aquelas que barallan a opción de implantar aquí a súa actividade. Un órgano de referencia máis alá das fronteiras galegas coma exemplo de éxito da desburocratización e da dinamización económica.